



GUÍA DOCENTE DE **SEGUNDO INSTRUMENTO I-IV (PIANO)**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: SEGUNDO INSTRUMENTO I-IV (PIANO)										
ESPECIALIDADE	Produción e xestión								ITINERARIO	---
CARÁCTER	Obrigatoria								TIPO DE CLASE	Individual
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Piano	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.	1'5	1'5	1'5	1'5					Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Adquisición de destrezas básicas para a interpretación musical cun segundo instrumento. Práctica da técnica instrumental e aprendizaxe do repertorio principal de nivel axeitado. Preparación para a interpretación en público, como solista ou formando parte dun grupo.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Para o primeiro cuadrimestre, sen requisitos previos. Para os seguintes, coñecementos e destrezas adquiridas no cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EPX5
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016, do 24 de novembro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Adquirir hábitos de estudo correctos que permitan o desenvolvemento do sentido autocrítico, a capacidade de superación e a optimización de esforzo e tempo.	T 1, T 3, T 6, T 13, T 15; X 6, X 8, X 13, X 21, X 24; EPX5
Dominio das capacidades artística, musical e técnica, que permitan abordar a interpretación dun repertorio adecuado no instrumento.	T 1, T 6, T 13, T 15; X 1, X 3, X 6, X 8, X 11, X 13, X 24, EPX5
Desenvolver a consciencia física e mental necesarias para unha interpretación de calidade, en aspectos como a relaxación, respiración, concentración e movemento.	T 6, T13, T15; X 1, X3, X11, X13, EPX5
Comprender e demostrar a comprensión mediante a interpretación de distintos estilos musicais ao longo da historia, desenvolvendo e aportando ideas propias con criterio e coherencia.	T 1, T 3, T 6, T13, T15; X 1, X 3, X 6, X 13, X 21, X24



#### 4. CONTIDOS

Aspectos técnicos. Coordinación e independencia das dúas mans.

Aspectos musicais, artísticos e interpretativos, relativos aos aspectos musicais que interveñen na interpretación

Aspectos pedagóxicos: autonomía do alumnado, principios básicos do aproveitamento do estudo en aras á adquisición de maior autonomía.

#### 5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades introdutorias	Presencial	Comezo do curso
Exposición maxistral	Presencial	Ao final do cuadrimestre
Exposición práctico-teórica	Presencial	Ao final do cuadrimestre
Práctica individual	Non presencial	Permanente
Práctica colectiva	Non presencial	Permanente
Lectura guiada e comentario de fontes na clase	Presencial	Esporádica
Taller	Presencial	Esporádica
Laboratorio	Presencial	Esporádica
Pescuda de información	Presencial/Non presencial	Permanente
Seminarios	Presencial	Esporádica
Exposición e debate de traballos Actividades complementarias	Presencial/Non presencial	Ao final do cuadrimestre

#### 6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

*\*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*